

ESCOLA DA VIDA

Nenos das guerras

04.04.2009

JOSÉ MANUEL SUÁREZ SANDOMINGO

Dun tempo a esta parte están aparecendo nos anaqueis das librerías novos libros sobre os nenos nas guerras. O último titúlase *Palabras huérfanas. Los niños y la Guerra Civil*. Unha obra interesante, centrada nos nenos españois que tiveron que ser evacuados a diferentes países de Europa (Gran Bretaña, Francia, Rusia?) ou á outra beira do Atlántico: México, principalmente. É unha historia íntima, baseada en relatos persoais e en fontes documentais de primeira man como son as cartas que se cruzaron cos seus parentes.

En España estase tratando de recuperar ese pasado que durante moito tempo foi considerado tabú, casi medio século dun pobo. En moitos outros países esa memoria histórica xa ten sido redimida e reconquistada tempo atrás. E é moi san que unha sociedade saque á luz os testemuños de todos. O valor dos sentimentos e do sentido da vida é o que nos fai humanos e a súa comunicación é o que comporta o feito cultural que nos relaciona.

A historia da infancia pasada é un dos meus centros de interese: as súas vidas, a súa cultura, a súa visión do mundo. Dese mundo tan pequeno e próximo que son os recunchos da familia, dos seus xogos, das súas inquietudes no día a día. Pois ben, a guerra para a infancia só é o peor medio no que lle pode tocar vivir. Cantas veces vimos eses nenos co pito colgando nos beizos e equipados con armas por todos os lados. Unha imaxe que nos causa unha fonda dor só con vela. Nenos explotados no seu corpo e na súa alma, que en lugar de xogar matan. Terrible. Hai unha película que desprende claramente ese sentimento estremecedor é *Diamantes de sangue*, onde os nenos son arrebatados ás súas familias para ser adestrados en asasinar ata o seu pai sen a máis mínima compaixón, e todo por algo tan prescindible como unhas pedras.

Os nenos nas guerras non soamente perden a súa inocencia ou partes do seu corpo, perden tamén os que máis os queren, ademais, da súa conciencia de vivir a vida con plenitude. Un martirio que os vai acompañar o resto dos seus días.

Recoméndolles que lle boten unha ollada á obra mencionada, nela atoparan o cariño e a entrega que sentiron persoas, que separadas por ideoloxías ou fronteiras, se deixaron cativar polos nosos avós-infantes, pois a nenez ten un sentimento que nos aperta a todos, fraternizándonos.